

Mileva Maric (Titel, Serbia, 1875-1948)



Estudiante brillante, destaca dende nena en Matemáticas.

Aos 15 anos, o seu pai conséguelle un permiso especial para que poida asistir a clases nunha escola preuniversitaria restrinxida a homes.

En 1896 ingresa no Instituto Politécnico de Zurich, onde é a única muller e alí coñece a Albert Einstein. Convértese en compañeira, colega e confidente de Albert Einstein e comezan a publicar xuntos. Casan en 1903. Teñen tres fillos (Lieserl, Eduard e Hans).

En 1905 publícanse os traballos que dan lugar á Teoría da Relatividade.

Nese ano, ela escribe a unha amiga:

Acabamos de rematar un traballo importante que lle dará ao meu esposo fama mundial.

En 1915 Einstein publica o manuscrito sobre a relatividade xeral.

Divórcianse en 1919.

En 1921 Albert Einstein gaña o Premio Nobel e dálle a Mileva Maric o seu importe.

O grao da súa participación na Teoría da Relatividade só se discute fóra do ámbito científico.